

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA O EXAME DO INFORME TÉCNICO SOBRE A XUSTIFICACIÓN DAS BAIXAS DESPROPORCIONADAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA OBRA “CARRETERA DE PUENTE-ARANGA A LOUSADA, PARROQUIAS DE ARANGA E VERÍS” INCLUÍDA NO PAS 2015-CONVENIOS.

Na Sala de Sesións da Casa Consistorial de Aranga, sendo as doce horas do día catorce de xuño de dous mil dezaseis, constitúese a Mesa de contratación, para proceder ao exame do Informe emitido polo Técnico Municipal en relación coas ofertas incursas en baixas desproporcionadas, presentadas para participar no procedemento aberto de contratación convocado para a adxudicación da obra “Carretera de Ponte-Aranga a Lousada, parroquias de Aranga a Verís” financiada pola Deputación Provincial en virtude do convenio PAS 2015, e os concellos de Aranga e Irixoa, con cargo a aportación do dito Plan, cun orzamento total de 278.281,56 € que queda constituída por D.Alberto Platas Álvarez, que actúa como Presidente, D^a.Ana María Ocampo Pérez-Gorostiaga, D.Francisco Jose Vázquez Freire, D.Antonio López Panete, que actúan como vogais, actuando como secretario D.Jose Vázquez Santé, estando ausente D^a.Eva María Sánchez Brañas.

Tras a sesión da Mesa de contratación do 1 de xuño de 2016 se requireu as dúas empresas presuntamente incursas en baixa anormal ou desproporcionada para que no prazo de cinco días hábiles xustificaran as súas ofertas, conforme ao establecido na cláusula 15.3 do prego de cláusulas que rexiron a contratación. A dita documentación presentaouse polas dúas empresas no prazo outorgado ao efecto, concretamente o día

A Mesa de contratación procede ao exame do informe emitido polo técnico municipal, no cual se manifesta que Construcciones Leonardo Miguelez SL xustifica adecuadamente baixa anormal e Canarga SL “non da resposta a totalidade do requerimento”.

Examinado o informe técnico emitido ao efecto, de conformidade co mesmo, a Mesa de contratación acorda admitir a xustificación presentada pola empresa Construcciones Leonardo Miguelez SL, por considerar que pode ser cumprida, mentras que se rechaza a de Canarga SL por non atender a totalidade do requerimento.

A continuación procédese a clasificar, por orde decreciente, as proposicións presentadas, de conformidade co establecido no artigo 152.4 do Real Decreto Lexilativo 3/2011 de 14 de novembro, resultando:

A vista do exposto, a oferta económica máis ventaxosa é a presentada por Construcciones Leonardo Miguelez SL, polo importe de 174.593,85 €, IVE incluído.

En vista do exposto a Mesa propón ao órgano de contratación:

Primeiro: Declarar válida a licitación e todas actuacións levadas a cabo e que obran no expediente.

Segundo: Excluir á empresa Begasucegsa por presentar declaración de porcentaxe de subcontatación supoerior ao máximo estabrecido no prego de cláusulas administrativas, e a empresa Canarga SL por presentar baixa anormal e non xusticala adecuadamente.

Terceiro: clasificar , por orde decreciente, as proposicións presentadas , segundo a proposta da Mesa de contratación, de conformidade co establecido no artigo 152.4 do Real Decreto Lexilativo 3/2011 de 14 de novembro: